

## **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO I CONCURSO MUSICAL INFANTIL "QUERO CANTAR"**

Coa intención de promocionar e difundir o uso da lingua galega e a creatividade poética e musical, a Deputación da Coruña convoca o I Concurso musical infantil "Quero Cantar" de acordo coas seguintes BASES:

### **Primeira.-**

Poderán participar neste concurso os grupos musicais formados por un máximo de dez persoas, das cales cando menos a voz ou voces solistas deben ser nenas ou nenos de ata 12 anos de idade. No caso non haber voces solistas, senón tan só coro, as persoas integrantes deste deben aterse ao mesmo límite de idade. Este límite de idade enténdese referido ao momento no que é enviada a solicitude.

Enténdese que forman parte dun grupo todas as persoas que participen compoñendo, cantando ou interpretando un instrumento na gravación.

### **Segunda.-**

Establécense os seguintes premios:

- Premio ás 10 propostas mellor clasificadas na 2ª Fase do concurso:  
Gravación en estudio da canción e a súa edición no CD Quero Cantar ´16
- Premios da Gala final:  
1º clasificado: Grabación dun videoclip da canción gañadora e 300€ en material musical  
2º clasificado: 200€ en material musical  
3º, 4º e 5º clasificado: 100€ en material musical

### **Terceira.-**

Para presentarse ao concurso será necesario realizar e enviar unha maqueta en formato audiovisual (.mp4) ou só audio (.mp3, .wav, ou .ogg) cos seguintes requisitos:

- A maqueta que envíen para participar será de música orixinal e inédita que nunca fose difundida nin en soporte físico nin a través das redes sociais e conterá unha única canción.
- A letra ha ser en galego, con textos orixinais ou xa coñecidos sempre que estiveren libres de dereitos de autoría.
- A canción non pode estar rexistrada na SGAE.

Achegarase xunto coa maqueta a seguinte documentación:

- Relación de compoñentes do grupo especificando a súa función dentro deste e instrumentos, con indicación dos seus nomes e apelidos e das súas idades, fotocopia do DNI de todas as persoas compoñentes ou, no seu caso, do libro de familia.
- Descrición das súas necesidades técnicas e de escenario.
- Breve biografía do grupo.
- Documento asinado por todas as persoas integrantes do grupo aceptando as bases do concurso e a cesión dos dereitos de imaxe, que en caso dos menores será asinado polos pais/titores ou representantes legais.

Todo o material estará correctamente identificado cos datos do grupo.

### **Cuarta.-**

O prazo de presentación das solicitudes comezará o 15 de xaneiro de 2016 e rematará o 15 de abril de 2016. As solicitudes presentaranse mediante correo electrónico dirixido a

cultura.concursoinfantil@dacoruna.gal ou en soporte físico no Rexistro Xeral da Deputación, na forma establecida no art. 38.4 da Lei 30/1992, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Quinta.-**

O concurso desenvolverase nas seguintes fases:

##### 1ª Fase:

Un xurado desinado pola Deputación realizará unha primeira selección das maquetas que pasan á 2ª Fase.

O xurado estará presidido polo deputado Presidente da Comisión de Cultura, Turismo e Patrimonio Histórico Artístico, e cinco persoas do ámbito da música, e actuará como secretario/a o da corporación ou o/a funcionario/a en que delegue.

A composición do xurado darase a coñecer con anterioridade á súa reunión, no taboleiro e na páxina web do concurso co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Os criterios básicos para esta selección serán a calidade artística da música e da letra, a adecuación ao público infantil e a corrección lingüística.

##### 2ª Fase:

Resolverase mediante votación pública no Facebook do concurso entre o 18 e o 22 de abril de 2016.

En caso de empate en calquera dos postos, a decisión sobre a proposta que ocupa ese posto correspondelle á Deputación.

As dez primeiras propostas pasarán a formar parte dun disco que se editará tras o concurso, e de entre elas, as 5 primeiras pasarán á fase final.

##### Fase final:

Resolverase mediante unha Gala que terá lugar no mes de maio no Teatro Colón da Coruña. Nesta Gala, os 5 grupos mellor clasificados na fase anterior, deberán interpretar en directo a súa canción.

Un xurado que estará composto por 5 nenas e nenos de diversas etapas de educación primaria votarán para decidir a proposta gañadora do concurso “Quero Cantar”. Actuará como secretario/a a mesma persoa designada como tal para o xurado da primeira fase do concurso.

A elección do xurado realizarase mediante proposta do profesorado de música de cinco centros públicos da provincia da Coruña.

Na actuación da Gala, cada un dos grupos interpretará a canción presentada na maqueta, e unicamente por causa xustificada, poderase admitir variacións entre as persoas integrantes dun grupo e as persoas que finalmente integren ese grupo na Gala final.

A organización do concurso facilitaralles aos grupos que accedan á fase de concerto en directo, equipo de son, escenario e equipo de iluminación; tamén fixará os horarios das probas de son e da actuación de cada un dos grupos.

Os grupos que participen nesta fase recibirán a cantidade de 200 €, cada un deles, en concepto de indemnización por gastos de desprazamento.

#### **Sexta.-**

Non se devolverán as maquetas non premiadas que, a partir do día seguinte á decisión do xurado, serán destruídas.

## **Novena.-**

A participación na presente convocatoria supón a total aceptación destas bases, así como a autorización á Deputación da Coruña para difundir, por un período máximo de seis meses e por calquera canle, os temas presentados ao concurso sen xerar ningún tipo de dereito económico para as persoas autoras ou intérpretes.

No caso de que as persoas responsables da autoría das cancións seleccionadas para o CD así o desexen, a organización pode colaborar na posterior introdución de arranxos no tema de cara á gravación, sempre dentro das súas posibilidades técnicas.

O CD Querocantar 16, que ha ser editado pola Deputación da Coruña, é de carácter non comercial e hase distribuír tanto de xeito virtual coma físico.

Virtualmente ha poder descargarse de xeito gratuíto desde a páxina do proxecto.

Fisicamente, cunha tirada de 1.000 exemplares para entregar pola organización de xeito gratuíto a centros escolares públicos de Galicia e ás/aos propias/os gañadoras/es.

O CD edítase baixo unha licenza Creative Commons Atribución-Non comercial- Sen derivadas.



**Deputación  
DA CORUÑA**

A Coruña, 29 de decembro de 2015